



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 15 DE XUÑO DE 2012

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. FRANCISCO JAVIER BOUZA BERMUDEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JUAN PUENTES CALVO

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día quince de xuño de dous mil doce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia D. Marcos Rodríguez Calvo.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA DEZ DE MAIO DE DOUS MIL DOCE. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data dez de maio de dous mil doce.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2.TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO ELECTO POLO GRUPO MUNICIPAL DO P S DE G- PSOE , D. FRANCISCO JAVIER BOUZA BERMUDEZ.

Dase conta á petición do Sr. Alcalde polo secretario do Concello do expediente instruído con motivo da renuncia do Concelleiro electo polo Grupo Municipal do P S de G - PSOE, D. José Manuel Corral Bellas, da que tomou coñecemento o Pleno Municipal na súa sesión extraordinaria celebrada o día dez de maio de dous mil doce. Remitada a credencial de Concelleiro electo pola Xunta electoral Central a favor de D. Francisco Javier Bouza Bermudez e cumpridos os trámites da declaración no Rexistro de Intereses procede que polo Sr. Alcalde se lle dea posesión previa á formulación da formula de xuramento para cargos e funcións públicas establecida no Real decreto 707 /1979 do 5 de abril.

Formulada a pregunta polo Sr. Alcalde o Concelleiro electo D. Francisco Javier Bouza Bermudez, promete.

De seguido dáselle posesión polo Sr. Alcalde- Presidente do cargo de concelleiro electo en representación do Grupo Municipal do P S de G - PSOE.

Os voceiros de todos os grupos municipais danlle a noraboa e benvida á Corporación.

Polo concelleiro D. Francisco Javier Bouza Bermudez, agradécense as palabras dos voceiros de todos os grupos municipais.

Sendo as dez horas tres minutos incorpórase ao salón de sesións do pleno a Concelleira D.ª María Olga Blanco Teijeiro.

3.MODIFICACIÓN DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2012. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta do acordo da Comisión Informativa de asuntos do pleno realizada o derradeiro día 11 de xuño de 2012, na que se informou favorablemente a proposta da alcaldía de cambiar a data de realización do pleno ordinario correspondente ao mes de xuño de dous mil doce, que pasaría a realizarse o día vinte e tres de xuño de dous mil doce, todo isto motivado por cuestións persoais que afectan ao Alcalde-Presidente, así

como a algún concelleiro do equipo de goberno, en concreto fálase do casamento dun irmán do Sr. Alcalde-Presidente.


Sen producirse debate, o Pleno da corporación, acorda por unanimidade o seguinte:

Único. Modificar a data de realización do pleno ordinario correspondente ao mes de xuño de dous mil doce, que pasará a realizarse o día vinte e tres de xuño de dous mil doce ás dez horas da mañá.

Polo Sr. Alcalde-Presidente agradécese a postura favorable dos voceiros de todos os grupos municipais neste asunto.


E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,



Manduel Meizoso López

O Secretario,



José A. Meizoso Paz